

SAMPEDRO, Francisco: *Figuras da finitude*, Laiovento, Santiago de Compostela, 2015, 115p.

Manuel Fernández Blanco, no “limiar” (pp. 13-18), salienta e valoriza a achega desde a filosofía e apresenta, con pormenor e exactitude, as liñas maiores da meditación sobre a finitude que, neste libro, realiza Francisco Sampedro. Este, na dedicatoria (p. 9), inscribe as páxinas seguintes nun horizonte de responsabilidade, representado pola “foz do Lambre”, a desembocadura dun pequeno río. Tamén no agradecemento, e non só, pola estancia uns fermosos días na Hugoenea, en Pasaia Donibane (p. 11).

Nunha “Nota previa” (pp. 19-22), Sampedro presenta a xénese, na biografía filosófica persoal e a través dunha anécdota con Alain Badiou, das reflexións que constitúen a materia deste libro. O centro, mais non o tema, é a morte, pensada na filosofía e desde a filosofía: exactamente, a mortalidade, no que ten de inaprensíbel e de repelente, mais tamén de trazo reflectante e iluminador. O tema é a finitude, explorada examinando algunhas figuras “imaxes que cobran forma” (p. 21), mais “forma sen contido” (p. 22). Desta maneira é abordada, e sorteada, a dificultade de pensar a morte no ámbito da vida, outrora unha interdicción e arestora un tabú sociais.

Na “Introdución” (pp. 23-30), é achegada a problemática, son postos os marcos da reflexión, a través dunha variada mostra de perspectivas de filósofos, e son presentadas as figuras de finitude. Entre os filósofos cóntanse: Kierkegaard, Nietzsche, Hegel, Epicuro, Spinoza, Jankélévitch, Derrida, Deleuze, Platón, Montaigne, Cicerón, etc. Recollendo e comentando os seus pareceres, Sampedro esboza liñas de forza e de fuga para a súa reflexión. Así, con respecto á vida, a morte é exterior ou é interior? Dá sentido ou retira sentido á existencia? Convida a aprender a vivir ou a

---

Recibido: 28/03/2016. Aceptado: 30/03/2016.

aprender a morrer? En suma, que é saberse mortal e, ao sabelo, que se pode facer? Finalmente, traza o programa: “As figuras que aquí se propoñen son estas: a contradición non dialéctica, a inmanencia, a pulsión; o principio de individuación. Consideración á marxe merece unha figura principal. A figura da alteridade, que cruza –por decisiva– todas as outras, determinándoas, desprazándoas –en calquera caso– modificando o seu xeito particular de operar. Ao final concluirei cunha sorte de intervención arredor da superación da negatividade absoluta” (p. 30).

A primeira figura, “A contradición non dialéctica” (pp. 31-38), confróntanos coa imposibilidade de dialectizar a morte, de a dixerir ou de a xestionar (poderíamos dicir en termos coloquiais): a mortalidade trae o absurdo á existencia e non se deixa reintroducir nun horizonte de sentido. Freud, Derrida, Jankélévitch, Parménides, Hegel, Sartre, entre outros, acompañan esta reflexión, que, con Badiou e Kant, entra tamén na literatura, na poesía de Chus Pato (pp. 34-38).

“A inmanencia da morte” (pp. 39-66): segunda figura. Dúas liñas encadran o pensamento da morte, aqueles como Epicuro, Cicerón, Cicerón, Feuerbach, Carnap, Wittgenstein e até Badiou, que a lanzan para fóra e aqueloutros, como Agostiño de Hipona, Erasmo, Calvino, Ignacio de Loyola, Simmel, Dilthey, mesmo Freud, que a traen para dentro (pp. 39-45). Para fóra, para dentro? Isto é, que optan por externalizala, Sampedro vai tomar como paradigma Sartre, ou por internalizala, sendo agora o paradigma escollido Heidegger. Sampedro, antes de examinar esas posicións extremas, explora unha vía intermedia, recorrendo Hegel, sobre todo, mais tamén Merleau-Ponty, Roudinesco, García-Sabell, Deleuze, Schopenhauer, Heráclito, Plutarco, Rosalia, Nancy, Derrida. O eixo será a morte como negatividade e a súa superación, por precaria e deficitaria que sexa. Recoñecer na morte “a aniquilación absoluta e sen ningunha compensación do único mundo que fai de cada ser vivo un ser único e só”, mais tamén “aprender a des-prenderse” (p. 45).

Heidegger (pp. 46-56) representa o pólo da externalización. Revisar a súa posición acerca da morte é ocasión para a integrar na súa filosofía, mostrando o seu pendor totalitario e até criminoso, ouvindo as voces de Lacoue-Labarthe, Arendt, Lévinas, Canetti, Deleuze, Adorno, Badiou e o estudioso González Varela. No dicir de Heidegger, a morte é unha oportunidade para o individuo atinxir unha existencia auténtica, mais non toda a morte posúe a capacidade de conferir sentido. Consecuencia: o sentido vén da entrega á morte, mais unhas mortes valen e outras non, sendo estoutras

ao sumo falecementos. Alén diso, hai unha porosidade, unha permeabilidade, entre a morte e o matar. Por aí veñen e andan os vínculos de Heidegger co nazismo.

Pola contra, en Sartre (pp. 56-66), prima a liberdade do individuo (da consciencia, do suxeito) e a morte non constitúe ningunha posibilidade, representa a negación de todas as posibilidades. A morte ameaza, sobrevén e aniquila. Por necesidade, cumpre ser contra a morte. A existencia auténtica consiste en asumir e desenvolver a liberdade. Nada a ver coa morte. A liberdade esencial, e existencial, da consciencia-suxeito e suxeito-consciencia, leva a encontrar no outro, un limite e unha negación, mais dialectizábeis, co risco permanente e a condena final da cousificación. A redución e a extinción da liberdade entregan o suxeito aos outros, ao outro, que fan daquel unha cousa. Lévinas e Barthes acompañan esta reflexión sobre Sartre.

“Consideracións sobre a pulsión de morte” (pp. 67-82), a terceira figura, ten Freud como fío condutor. A súa achega á morte introduce, e preside, a primeira consideración que vincula esta pulsión, o narcisismo e a outridade, o seu xogo e tensións no desenvolvemento psicolóxico, sostendo Sampedro, seguindo Rank, que “a maduración consiste en perder o medo á vida, e esa perda contribuirá decisivamente a perder o medo á morte” (p. 69). Despois, con Lacan, Sloterdijk e Ferrín, é a vez da ligazón co opio do pobo e coa toxicomanía. A seguir, con Sartre, retorna o tema do outro e, con iso, a guerra: a moral, a recomendación, sería “Freud remata o texto sobre a guerra modificando aquela máxima antiga “*si vis pacem, para bellum*” por “*si vis vitam, para mortem*”. Sartre, coido, modificaría á súa vez esta última nun sentido: ensinar a morrer é ensinar a vivir, e non ao revés” (p. 73). Outra consideración: a melancolía, a saudade, con recurso tamén á literatura, visitando Kristeva, Kierkegaard, Rosalía, Soto. Por último, arrancando de Zizek, para acabar a reflexión sobre a pulsión de morte, unha meditación de sabor e teor clásicos: con Empédocles, e Anaximandro, Hölderlin, Schopenhauer, Nietzsche e sobre desmembramento, discordia, culpa, traxedia,... para concluír: “non negar a morte coas fantasmagorías doutra vida, nin destruír a vida coas forzas de morte que actúan en nós, tal é a vía que Nietzsche abre” (p. 82).

A cuarta figura, “O *pathos* da finitude como individuación extrema” (pp. 83-91), arranca cunha meditación, con Arendt e contra Heidegger, sobre a morte como axente do *principium individuationis*. A singularización operada polo sufrimento é completada co exame do esvaciamento xerado pola auto-consciencia: a volta, e as revoltas, da consciencia sobre si propia,

a hiper-reflexividade, ilustrada con Hegel e Sartre, dá nunha *mise en abîme* na cal o suxeito se proxecta sobre o vacío. A saída a este autismo costuma ser, designadamente na nosa época e sociedade, o gregarismo, o “home das multitudes” retratado por Poe. Contra Sollers, e con Spinoza e Hegel, a verdadeira saída do gregarismo consistirá, tamén, nunha superación do egocentrismo, transitando o suxeito en dirección á humanidade.

En “O rol da alteridade” (pp. 93-98), quinta figura, Sampedro medita sobre a morte do outro. O seu papel, o do outro, imprescindíbel para o suxeito é lembrado con Lévinas, a psicanálise (o simbólico, a sublimación) e Eagleton, quen: “reflexionando sobre esa enfermiza hiperrepresentación do eu, comenta lucidamente que a nosa autonomía medra, xustamente ao contrario, na representación da nosa dependencia” (p. 93). A morte do outro, de alguén tocado polo afecto (Derrida, Agostiño de Hipona), sen esquecer a ambigüidade do outro, entre o recoñecemento e a inimidade (Hegel, Sartre), e a pasaxe polo amor (“Tristán e Isolda”), desencadea no suxeito a interiorización do morto, a responsabilidade polo outro (Lévinas). Este xiro habilita a crítica a usos ideolóxicos (Adorno) da morte, nomeadamente achados no cristianismo e no nazi-fascismo. E apunta á procura dunha “habitación realmente humana”, en palabras de Bloch, mais tamén con Lévinas, Montaigne e Jameson.

Sob o rótulo “Últimas consideracións” (pp. 99-114) é tratada a última figura, na cal a resistencia se torna alternativa. Todo o libro é un pensar contra a finitude e un abrir vías, e agora o autor insiste, e esténdese: explorar potencialidades, resarcirse das calamidades, evitar o pánico (Jankélévitch, Rousseau, Schopenhauer). Formula un imperativo categórico á Nietzsche: “obra de tal modo que o que suceda queiras que se repita eternamente” (p. 100). A aposta é pola creación e a acción, con resonancia no soño e o traballo políticos (Lenin), contra a disolución na interpretación (Epicteto, posmodernos). Hai que pensar, mais menos (Séneca) ou nada (Spinoza) na morte e si na vida. É mester desenredarse do círculo da castración (Freud, Rank), abandonar a submisión ao espanto e á futilidade (aquí, contra Kierkegaard) e transformar a liberdade en libertación (Montaigne, Hegel, Nietzsche). Concretizando, Sampedro traza un curso reflexivo sobre o amor, como antídoto e alternativa: Hölderlin, Badiou, Scheler e Fromm (antagonistas), Barthes, Eluard. Toca dúas concepcións: amor como suplencia e fusión (Platón, Aristóteles, Hegel) e, vía crítica a Sartre, amor como pensamento e experiencia do Dous (Badiou). Outra, e desexabelmente parella, rota alternativa: a política (Negri, Derrida, Jameson). Transversalmente,

unha aposta: loitar contra o tempo, descronometrar, acronoloxizar (Xabier Cordal, Kristeva, Platón, Spinoza, Trakl). Diciámos transversal porque o que está en xogo, o que debemos pór en xogo, é a felicidade: “toda felicidade pode ser definida como a experiencia afirmativa dunha interrupción da finitude. Isto é o que debemos acadar na vida, e procurar, sen cesar, sen ceder, sen tremer, tal obxectivo” (p. 114).

*Figuras da finitude* contén unha valiosa meditación, persoal, de filósofo profesional en diálogo con filósofos e filósofas (Arendt, Kristeva), psicanalistas (entre elas, Roudinesco), tamén con escritores e escritoras (Rosalía, Pato), de sempre e de arestora, de alén e de aquí mesmo. Mais, alén diso, é un convite á responsabilidade, á responsabilización, polo finito, polo ínfimo e até polo acabado. Co rastro, talvez, da felicidade que se pode albiscar nesa tarefa filosófica e, en converxencia, vital: por exemplo, ao pensar (lembrar e proxectar) na foz do Lambre, ou en Hugoenea.

Luís G. Soto